



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa da formalización do convenio de colaboración entre la Fundación COTEC para la innovación y la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia de la Xunta de Galicia para el desarrollo del proyecto: "Innovaius.Lab: creación de un espacio jurídico de innovación en el sector público"*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 21 de decembro de 2018.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.





MEMORIA XUSTIFICATIVA DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA FUNDACION COTEC PARA LA INNOVACION Y LA VICEPRESIDENCIA Y CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA DE LA XUNTA DE GALICIA PARA EL DESARROLLO DEL PROYECTO: “INNOVAIUS.LAB: CREACIÓN DE UN ESPACIO JURÍDICO DE INNOVACIÓN EN EL SECTOR PÚBLICO”

I. Antecedentes

Con data de 11 de decembro de 2017, a Fundación Cotec realizou unha convocatoria de Proxectos coas liñas de Automatización para un futuro máis humano, O valor do intanxible e Sector público innovador, dentro do Programa Cotec de Innovación Aberta.

A Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, integrada na Vicepresidencia da Xunta de Galicia, presentou un Proxecto dentro da anterior Convocatoria, o cal foi seleccionado pola Fundación Cotec para financiar o desenvolvemento do mesmo.

O proxecto denomínase InnovalUS. Lab: Creación dun Espazo xurídico de innovación no sector público.

II. Obxectivos

Con este proxecto, a administración autonómica pretende:

- Apoiar decididamente un cambio na cultura da contratación pública de innovación no ámbito do sector público incrementando o seu compoñente estratéxica.
- Contribuír a xerar unha contorna favorable que estimule e incentive a aplicación efectiva da contratación pública de innovación no sector público e fomentar así unha maior eficiencia e eficacia nos servizos públicos e un aumento da competitividade empresarial de modo que responda efectivamente as demandas dunha sociedade e mercado laboral cambiantes.
- Xerar unha estrutura que permita sistematizar a innovación, é dicir, fixar un conxunto de procedementos e protocolos que se integren de forma permanente na actividade pública de tal forma que se convertan en prácticas habituais e aceptadas polos traballadores públicos.
- Profesionalizar aos compradores do sector público para unha aplicación eficaz e estratéxica da normativa de contratación pública.
- Dar asistencia aos compradores públicos para conseguir solucións máis innovadoras nas súas actuacións de contratación e dotarlles dunha perspectiva estratéxica desde o punto de vista das políticas públicas mediante sinerxias entre a contratación e a investigación e innovación.
- Contaxiar o cambio de visión da contratación pública a través da experiencia desenvolta na Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.





- Crear un repositorio público aberto de datos, procedementos e boas prácticas no ámbito da contratación pública de innovación, transferencia e investigación.
- Fomentar interpretacións comúns das normativas existentes en materia de innovación e investigación.
- Intercambiar boas prácticas con respecto á contratación estratéxica de innovación en sectores clave (construción, asistencia sanitaria, formación, TI) e crear un centro de competencias electrónicas, como un portal central de información e unha biblioteca electrónica de boas prácticas en materia de contratación pública de innovación, investigación e transferencia.
- Establecer un centro de apoio das competencias en materia de contratación de innovación, transferencia e investigación.
- Propoñer un marco de competencias profesionais para a contratación pública coas capacidades e competencias esenciais que necesitan os contratantes de modo que se facilite a creación de itinerarios formativos individualizados.
- Expoñer casos de éxito e supostos de feito de CPI levadas a cabo por distintas Administracións Públicas.
- Fomentar unha visión transversal da compra pública innovadora que permita incorporar visión estratéxica a este instrumento de modo que se poidan ter presente un compoñente de mellora das cualificacións do mercado laboral e a vinculación coa formación, investigación e innovación nas institucións de ensino superior e formación.

En particular, preténdese favorecer o cumprimento dos obxectivos previstos no artigo 28 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que expresa:

“1. Co obxecto de promover a mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens e servizos innovadores, así como o fomento da innovación empresarial, os poderes adxudicadores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público incentivarán, na medida en que sexa posible, a presentación de solucións innovadoras nas licitacións que promovan.

Para ese efecto, ponderarán, na elaboración dos pregos e no resto da documentación contractual, a utilización de criterios de adxudicación e de prescricións técnicas que favorezan a presentación de solucións innovadoras.”





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Asesoría Xurídica Xeral


Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Así mesmo, a administración autonómica, en desenvolvemento das previsións da Disposición Adicional sétima, da lei citada, ao obxecto de fomentar a innovación a través da contratación pública, publicou unha guía de boas prácticas nesta materia.

Polo exposto, a administración autonómica considera que debe abundarse na difusión de recomendacións, directrices e boas prácticas orientadas á mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens e servizos innovadores, así como ao fomento da innovación empresarial, partindo, en calquera caso, dos principios de racionalización do gasto e da mellora da xestión pública.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2018

O director xeral da Asesoría Xurídica Xeral



Manuel Pillado Quintans

